



|                                                                                                                                         |                           |  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|--|
| Área / Unidad<br>PARTICIPACION CIUDADANA PC1100<br>ALC                                                                                  | Documento<br>23819I00F1   |  |
| Código de verificación<br><br>3E67 4J52 653G 1936 10YU | Expediente<br>238/2025/14 |  |
|                                                                                                                                         | Fecha<br>14-05-2025       |  |

## CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ASOCIACÍONS VECIÑAIS DESTINADAS A APOIAR O FUNCIONAMENTO E A DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL, CÍVICO E CULTURAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DA CORUÑA PARA O EXERCICIO 2025

### I. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA

#### Base 1.- Obxecto

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, e en aplicación do artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como das normas de carácter regulamentario que a desenvolven (RD 887/2006, do 21 de xullo), e da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos (BOP nº 157 do 16.08.2024), convócanse subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para apoiar o funcionamento e a dinamización de actividades das asociacións veciñais con sede no termo municipal da Coruña para o ano 2025 axustándose, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación.

#### Base 2.- Finalidade

**2.1** A finalidade das subvencións é apoiar economicamente os gastos de funcionamento e a realización de programas, proxectos e actividades de interese cívico, social ou cultural das asociacións veciñais do concello da Coruña, xa realizados ou por realizar, durante o exercicio económico 2025 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro), de acordo con criterios obxectivos que ponderen a importancia e representatividade de cada unha delas.

**2.2** Establécense dúas liñas subvencionables dentro da presente convocatoria:

Liña 1: Gastos de funcionamento.

É obxecto desta liña outorgar subvencións para apoiar economicamente os gastos de funcionamento das asociacións veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou noutras condicións de uso gratuítas durante este ano (no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro), de acordo con criterios obxectivos que ponderen a importancia e representatividade de cada unha delas.

Liña 2: Apoio de programas, proxectos e/ou actividades.



## Concello da Coruña

É obxecto desta liña outorgar subvencións para apoiar os programas, proxectos e/ou actividades de interese cívico, social ou cultural que realicen as asociacións do concello da Coruña durante este ano (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro), de acordo con criterios obxectivos que ponderen a importancia e representatividade de cada unha delas.

Os proxectos presentados deberán ter relación con:

- Programas e metodoloxías de participación cidadá que faciliten a apertura de procesos participativos nos que poidan tomar parte veciños e veciñas dun barrio concreto, ou ben de toda a cidade. Abrir espazos de debate, de intercambio de ideas ou elaboración de propostas, incorporando mecanismos de participación cidadá.
- Proxectos, programas e/ou actividades culturais, formativas e educativas, valiosas para toda a cidadanía da Coruña, sen ser necesario ter a condición de socio/a para participar nelas (información e formación en condutas cívicas ou mellora de hábitos en relación coa contorna, talleres, cursos, conferencias, ou calquera outro formato que se considere oportuno) e que favorezan a participación activa da cidadanía na vida da cidade.
- Pequenas celebracións populares que contribúan a manter tradicións culturais ou costumes propios de arraigamento nos barrios (recuperación de celebracións tradicionais, festas patronais, magosto, nadal, entroido e eventos de similar natureza).

**2.3** Poderase solicitar subvención para unha ou varias liñas subvencionables, que deberán ser obxecto de solicitudes independentes. No caso de presentar solicitude para máis dunha liña, a entidade solicitante deberá presentar con cada solicitude todos os anexos e documentos relacionados nas bases para cada unha delas, de forma independente.

**Non poderán optar á liña 1 aquelas entidades que perciban unha axuda directa por parte do Concello de A Coruña, no mesmo exercicio ao cal corresponde esta convocatoria, que teña como finalidade o financiamento dos gastos para o mantemento da entidade incluídos na base 7.1.1. (liña 1).**

### Base 3.- Réxime xurídico

**3.1.** A presente convocatoria rexerase integramente polas presentes Bases, pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polos Regulamentos que as desenvolven e demais normas concordantes e de pertinente aplicación.

Así mesmo, co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer os deberes de bo goberno que debe cumprir quen ostente a responsabilidade pública, resúltalle de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia e a instrución de transparencia do concello da Coruña do 9 de marzo de 2006, as demais normas que lle resulten de aplicación e



# Concello da Coruña

axustándose en todo caso aos principios de publicidade, transparencia, concorrancia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica, terase en conta o establecido nas Base 11ª e na Base 10.2 b) e c) das Bases de Execución do orzamento municipal do exercicio 2025 (BOP nº70 do 11.04.2025).

Co fin de promover, no ámbito local, a igualdade na diversidade e a eliminación de toda forma de discriminación e desigualdade que incida sobre as mulleres e sobre as persoas en xeral por motivo das diversidades existentes, resulta de aplicación a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade e a Ordenanza Municipal do concello da Coruña para a Igualdade na Diversidade (BOP núm. 204 de 25.10.2019).

**3.2.** As bases estarán ao dispor dos interesados na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, e na Base de datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>, na páxina web da Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación: <https://www.coruna.gal/participacion/>. Publicarase un extracto das mesmas na páxina web do Boletín oficial da provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>.

## II. CRÉDITO ORZAMENTARIO

### Base 4.- Crédito orzamentario

**4.1.** O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de 60.000,00 euros, gasto imputable á aplicación orzamentaria 51.924.489.00 do orzamento municipal do exercicio en vigor.

**4.2.** Este crédito orzamentario é o límite do importe das subvencións que se poidan conceder.

**4.3.** Este crédito orzamentario distribuirase conforme os seguintes importes:

- Liña 1, Gastos de funcionamento: 25.000,00 €
- Liña 2, Apoio de programas, proxectos e/ou actividades: 35.000,00 €

Con todo, de quedar remanente de crédito nalgunha das liñas unha vez realizada a valoración de todas as solicitudes presentadas, o remanente poderá destinarse ao financiamento das solicitudes da outra liña.

**4.4.** De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), no caso de que este crédito fose incrementado como consecuencia dunha modificación orzamentaria derivada de non consumir o crédito de convocatorias anteriores dos mesmos créditos, ou por incrementarse o seu crédito como



consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

## **Base 5.- Límite máximo da subvención para cada actividade ou proxecto**

O importe máximo do orzamento susceptible de ser subvencionado será o 100% do total do mesmo ou, no seu caso, o límite do crédito dispoñible.

## **Base 6.- Compatibilidade**

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustificada pola beneficiaria. Para estes efectos, será imprescindible cubrir o anexo correspondente.

En caso de solicitar ou recibir unha subvención ou outra axuda posteriormente á presentación da solicitude inicial, a entidade debe comunicar, mediante o anexo correspondente, esta situación ao Servizo que tramita esta convocatoria. A presentación do anexo correspondente deberá efectuarse tanto no momento da solicitude e, no seu caso, da concesión das axudas doutras administracións.

## **III. GASTOS SUBVENCIONABLES**

### **Base 7.- Gastos subvencionables**

#### **7.1. Gastos subvencionables: Criterios xerais**

**7.1.1** Considéranse gastos subvencionables aqueles que resulten estritamente necesarios, respondan de maneira indubitada ao funcionamento da entidade ou a natureza da actividade e se realicen con anterioridade á finalización do prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano da convocatoria.

Tamén se consideran gastos subvencionables aqueles que, cumprindo a condición anterior, se acrediten con xustificantes emitidos nos dous meses seguintes á finalización deste prazo. Considéranse válidos aqueles gastos que correspondendo ao ano no que foi aprobada a subvención, sexan abonados no exercicio seguinte, sempre que o abono se realice antes da finalización do prazo previsto para a presentación da xustificación.

Considerarase gasto subvencionable o que, cumprindo as condicións anteriores, foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación que figura na Base 18.1.2 da presente convocatoria, de acordo coas seguintes especificacións:



## Concello da Coruña

**Na liña 1, Gastos de funcionamento:** terán a consideración de subvencionables os gastos correntes non inventariables en bens e servizos que sexan estritamente necesarios para o funcionamento da entidade e que respondan, entre outros, aos seguintes conceptos:

- Gastos de funcionamento e/ou mantemento da asociación (luz, teléfono, gas, aluguer sede social, limpeza, seguridade, etc.)
- Gastos de administración xeral e material funxible de oficina, material informático non inventariable, gastos de correo e análogos, derivados da organización e desenvolvemento da actividade asociativa xeral da asociación (materiais divulgativos, presentacións, folletos etc.) e que non poidan ser imputados a unha actividade concreta.
- Gastos de persoal administrativo contratado pola asociación para o desenvolvemento da actividade ordinaria da entidade (retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade beneficiaria).
- Gastos de comunicación, reparacións informáticas, mantemento de liñas ADSL, mantemento de equipos informáticos e das aplicación web e/ou presenza dixital (web, hosting, blogs etc.), así como gastos ocasionados por obras de conservación e mantemento e pequenas reparacións que **non teñan carácter de inventariables** por non implicar incremento do valor patrimonial da sede social.
- Gastos de asesoramento xurídico, fiscal, laboral contable e /ou financeiro, gastos por servizos de Notaría, Rexistros Públicos ou por servizos periciais.

**Na liña 2, Apoio de programas, proxectos e/ou actividades:**

- Os gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan imprescindibles para a idónea preparación ou execución desta, tales como gastos de persoal, profesionais, de organización de actividades, accións formativas, subministracións como carteleira e folletos, etc. Serán subvencionables ao 100%, debendo xustificarse o gasto coa documentación correspondente e acreditar o seu pago efectivo, de acordo co disposto na Base 18 desta convocatoria.
- Os gastos de persoal directa e indubitadamente vinculados ao exercicio da actividade subvencionada deberán xustificarse, dentro da actividade subvencionada, na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo gardarse a debida coherencia co período e intensidade que resultan estritamente necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.
- Cando estes gastos correspóndanse con custos de persoal de estrutura ou que xa pertencen a entidade beneficiaria, será necesario especificar as tarefas realizadas e o tempo dedicado ás mesmas proporcionando en todo caso evidencias acerca da súa dedicación efectiva ao proxecto subvencionado.
- No caso de que se trate de outros gastos de estrutura da entidade só serán subvencionables na parte que razoablemente corresponda, imputados de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a



actividade, debendo gardarse a debida coherencia co período e intensidade dos factores de produción estritamente necesarios para o exercicio da actividade subvencionada.

- Os gastos que se realicen apartándose do proxecto ou fora do seu prazo de execución non serán subvencionables.
- O gasto máximo subvencionable por aloxamento e manutención de persoas convidadas para a execución dalgunha das actividades ou proxectos será como máximo de 100 €/persoa/día (IVE incluído)

En todo caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate.

**7.1.2.** En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

### **7.2. Gastos subvencionables: Subcontratación**

Poderanse subcontratar ata o 50% das actividades ou proxectos subvencionados. Con todo, o réxime de subcontratación estará suxeito aos seguintes límites:

**7.2.1-** No caso de subcontratacións, nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da Lei Xeral de Subvencións, **non se admitirá a subcontratación en ningún caso.**

**7.2.2.-** No caso de subcontratacións **con entidades que non sexan vinculadas**, para supostos distintos ao apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente a subcontratación ou o custo da actividade ou proxecto subvencionada, agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade ou proxecto que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.

### **7.3 - Gastos subvencionables: Subcontratación con persoas ou entidades vinculadas**

De acordo co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 32.4.d) da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos en ningún caso poderá concertarse pola beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos que os establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.



- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedinte do seguinte modo:
  - a. Solicitud por parte da entidade interesada con carácter previo á execución da actividade ou proxecto subvencionado.
  - b. Acordo do órgano concedinte, anterior á execución da actividade ou proxecto subvencionado, estipulando terceiros/as con quen/é contratarase e os servizos que prestarán.

No caso de contratacións con entidades ou persoas vinculadas tamén se deberá solicitar autorización previa.

Para estes efectos considérase que existe vinculación<sup>1</sup> con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que concorran algunha das circunstancias descritas no apartado 2 do artigo 68 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Non obstante o sinalado nos apartados 7.2 e 7.3, anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o cal se concedeu a subvención.

## 7.4. Gastos subvencionables: Gastos indirectos ou gastos xerais

En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais do beneficiario serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

### 7.4.1. En caso que se financien **gastos de funcionamento (liña 1)**:

Resultando ser o obxecto da subvención o propio funcionamento da entidade, tales como gastos de aluguer das sedes sociais, de subministración e servizos de auga, enerxía, gas, teléfono, internet, papelería, xestoría e asesoramento para trámites da entidade ou seguros, a tradicional distinción entre gastos directos e indirectos, que tamén recolle a normativa de subvencións que resulta de aplicación, non se pode apreciar.

### 7.4.2. No caso de que se financien **actividades ou proxectos concretos da entidade (liña 2)**

- Terán o carácter de subvencionables os custos indirectos, e así se reflectirá no orzamento presentado, ata o importe máximo equivalente á porcentaxe do 13% do gasto a realizar do orzamento presentado para a concesión da subvención ou do gasto realizado e xustificado. Nos casos nos que no orzamento ou na conta de gastos de xustificación presentada se incorporen achegas e axudas de terceiros alleos ao

---

<sup>1</sup> Entre outros supostos, considérase que existe vinculación:

- Con persoas da xunta directiva ou que exerzan a administración da entidade beneficiaria ou os familiares directos desta.
- Con empregados/as da entidade beneficiaria.
- Con empregados/as das empresas colaboradoras do deseño, desenvolvemento e execución da presente promoción, cónxuxes, parellas e parentes ata segundo grao das persoas citadas con anterioridade.



beneficiario ou ingresos por inscricións, despacho de billetes ou equivalentes, o importe máximo será o 13% dos gastos a realizar ou dos realizados e xustificados, pero descontando destes gastos, e antes de aplicar a dita porcentaxe, as axudas e achegas de terceiros e/ou ingresos por inscricións, despacho de billetes ou equivalentes. Para a consideración destes gastos indirectos sen xustificación, como gastos subvencionables, deberá acreditarse, coa presentación do orzamento da subvención, que a entidade beneficiaria ten gastos estruturais polo menos por este importe. En caso contrario, a entidade deberá achegar os correspondentes xustificantes de gasto e acreditar o seu pago efectivo.

Non obstante, esta posibilidade de imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade, non poderá utilizarse nos casos en que o beneficiario sexa tamén perceptor dunha subvención da liña 1 para gastos de funcionamento. Tampouco procederá cando a entidade sexa beneficiaria no ano actual dun convenio nominativo do concello da Coruña para gastos de funcionamento.

- Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade ou proxecto subvencionado e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

### **7.5. Gastos subvencionables con solicitude previa de ofertas**

De acordo co establecido no artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións, e no artigo 33.2 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lexislación de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 euros, para contratos de subministracións e servizos, 40.000,00 euros, para contratos de obras), a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación da obra, servizo ou subministración, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto realizouse con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

### **7.6. Gastos non subvencionables**

**7.6.1.** Son gastos non subvencionables aqueles relativos aos investimentos en bens inventariables, e todos aqueles incompatibles coa natureza do crédito orzamentario.

**7.6.2.** En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores das contas bancarias.



- Os intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. (art. 31 LGS)

**7.6.3.** Non serán subvencionables determinados gastos, tales como investimentos inventariables, intereses financeiros, cotas de préstamos, tributos (excepto o IVE non susceptible de repercusión ou compensación), taxas, prezos, sancións e/o multas ou sancións administrativas, gastos en procedementos xudiciais. Tampouco serán subvencionables os gastos en agasallos, ou os realizados en concepto de comidas (salvo que teñan relación directa coa actividade para subvencionar), ceas ou ágapes, e outros gastos de protocolo e representación.

**7.6.4.** Non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos recolleitos nos apartados anteriores nin se correspondan co período de realización e pago fixado na base 7.1.1. desta convocatoria.

## IV. REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

### Base 8.- Requisitos para obter a condición de beneficiaria

**8.1.** Poderán ser beneficiarias as asociacións de veciños ou outras entidades de carácter veciñal, legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, que figuren rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC) na categoría de VECIÑAL e que:

- Liña 1: carezan de local municipal en réxime de cesión ou noutras condicións de uso gratuítas, como sede da entidade ou espazo propio.
- Liña 2: presenten un proxecto, programa ou actividade que se axuste ao obxecto da subvención debidamente detallado e orzado.

Quedan excluídas da convocatoria as entidades que sexan beneficiarias no ano actual dun convenio nominativo do concello da Coruña co mesmo obxecto e finalidade que as presentes bases.

**8.2.** Son requisitos esixibles ás entidades beneficiarias, que deberán estar cumpridos con anterioridade á data da proposta de concesión da subvención e que deben manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, os seguintes:

- Que teñan sede social no termo municipal da Coruña e que estean rexistradas no REMAC na categoría de VECIÑAL.
- Que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades que sexan de interese veciñal e coincidente co obxecto da subvención.



## Concello da Coruña

- Que xustificasen as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrese o prazo de xustificación correspondente. No caso de que no momento de concesión das subvencións, haxa entidades beneficiarias con subvencións pendentes de xustificación, poderá continuar o procedemento condicionándose o pago a que estas xustificacións prodúzanse.
- Que se atopen ao corrente do pago de obrigacións por reintegro de subvencións.
- Que se atopen ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña, os seus organismos Autónomos e entidades de dereito público dependentes.
- De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.
- Con todo, a solicitante poderá expresamente opoñerse á consulta ou obtención da documentación sinalada debendo, neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas correspondentes.
- Se a actividade ou o proxecto para o que se solicita a subvención ten como suxeitos a menores de idade, deberá presentarse unha declaración responsable que acredite que todo o persoal (incluído o persoal voluntario e o contratado para tal efecto) encargados de realizar a actividade e que teñan contacto habitual con menores, cumpre co requisito previsto no art.57.1 da LO 8/2021 de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia.
- Que non se atopen nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa/entidade beneficiaria establecidos no artigo 13.2 da Lei Xeral de subvencións.
- Segundo o disposto no art. 42 da Ordenanza Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade, quedarán excluídas:
  - a. As persoas físicas ou xurídicas que fosen sancionadas en firme en vía administrativa, laboral ou penal por vulneración do dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo.
  - b. As persoas físicas ou xurídicas cuxos fins ou obxectivos, sistemas de admisión ou acceso, funcionamento, traxectoria, actuación, organización ou estatutos sexan contrarios ao principio de igualdade entre mulleres e homes na diversidade.
  - c. As entidades que incumpran as obrigacións establecidas na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
  - d. As actividades que discriminen por razón de sexo



- e. Os demais recolleitos na Lei xeral de subvencións, na Ordenanza Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade e na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

Estes requisitos deberán manterse ao longo do ano da convocatoria. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

A entidade deberá asinar a correspondente declaración relativa ao cumprimento destes requisitos e que figura no *Anexo de solicitude*.

## V. PROCEDEMENTO: INICIACIÓN

### Base 9.- Procedemento: Réxime e inicio

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

### Base 10.- Procedemento de concesión: Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento.-

**10.1.** De acordo co establecido no artigo 25 da ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos (BOP nº 157 do 16.08.2024), o órgano encargado da instrución do procedemento de concesión será a Xefatura de Servizo ou a Xefatura de Departamento no caso de ausencia ou vacante de aquela, que actuará en calidade de órgano instrutor segundo recolle o artigo 24 da Lei xeral de subvencións.

**10.2.** O órgano competente para a resolución será a persoa titular da Concellaría responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local.

### Base 11.- Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

#### 11.1. Presentación de solicitudes de subvención

**11.1.1.** A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter> a través do procedemento “Subvencións para a dinamización das asociación veciñais” ou ben a través dos restantes rexistros electrónicos aos que fai referencia o artigo 16.4.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días hábiles contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña.



**11.1.2.** Poderá solicitarse subvención para unha ou para as dúas liñas subvencionables, que deberán ser obxecto de solicitudes independentes. No caso de presentar solicitude para as dúas liñas, a entidade solicitante deberá presentar con cada solicitude todos os anexos e documentos relacionados nas bases para cada unha delas, de forma independente.

**11.1.3.** O Servizo de Participación Cidadá recibirá as solicitudes, xunto coa documentación requirida. Analizará e requirirá, en caso de ser necesario, a súa corrección de conformidade cos prazos e requisitos legal e regulamentariamente establecidos.

### **11.2. Documentación das solicitudes de subvención**

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

#### **A) Relativa á entidade e a súa representación. Común para liña 1 e liña 2**

**11.2.1.** Solicitude que deberá de presentarse enchendo o formulario correspondente ao procedemento “Subvencións para a dinamización das asociación veciñais” que figura na sede electrónica do Concello da Coruña:

<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/tramitacion?method=enter&id=2322>

Polo que respecta á indicación da conta bancaria na que facer o ingreso, no caso de modificación da conta utilizada en convocatorias anteriores, é preciso encher o documento denominado alta ou modificación de alta de terceiros. O dito documento debe selarse pola entidade bancaria e presentarse na sede electrónica do Concello de A Coruña:

<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter>

**11.2.2.** O Concello da Coruña verificará que a entidade interesada atópase ao corrente no pago das súas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria estatal, o Concello e ao corrente nas súas obrigacións fronte á Seguridade Social. No caso de que a persoa/entidade interesada opóñase expresamente a esta verificación, esta deberá achegar as certificacións correspondentes.

**11.2.3.** Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición a que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións. (incluída no formulario de solicitude)

**11.2.4.** Declaración responsable do compromiso de que todo o persoal dedicado á realización da actividade ou proxecto solicitado que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 57.1 da LO 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.

**11.2.5.** Declaración responsable do número de persoas socias. (incluída no formulario de solicitude)

**11.2.6.** Compromiso de xustificar a subvención concedida no prazo establecido.



**11.2.7.** Certificación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social da entidade. (incluída no formulario de solicitude)

**B). Específica para liña 1. Gastos de funcionamento.** Relativa á entidade e a súa experiencia, capacidade e representatividade:

**11.2.8.** Memoria da experiencia e capacidade de xestión da entidade que inclúa as actividades desenvoltas durante o ano anterior a esta convocatoria: número e descrición de programas ou actividades, especificando obxectivos e tipoloxía (educativas, formativas, de lecer etc.); número de persoas beneficiarias directas e o seu perfil (maiores, familias, mocidade, colectivos minorizados ou con diversidade funcional, etc). (incluída no formulario de solicitude)

**11.2.9.** Orzamento de ingresos e gastos a nivel de detalle que permita identificar e comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables, mediante o enchemento do modelo (Anexo 4-S).

**11.2.10.** Certificación das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade ou proxecto obxecto da solicitude de subvención, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional. (incluída no formulario de solicitude)

**11.2.11.** Declaración sobre a previsión de contratación para a execución da actividade ou proxecto de persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante.

**11.2.12.** Calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle da descrición da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, mediante a presentación dunha memoria complementaria cunha extensión que non poderá exceder de 6 folios.

**C). Específica liña 2. Apoio de programas, proxectos e actividades.** Relativa ás actividades, proxectos e/ou actuacións solicitadas:

**11.2.13.** Memoria explicativa da actividade, programa ou proxecto solicitados, mediante o enchemento do modelo (Anexo 3-S).

**11.2.14.** Orzamento de ingresos e gastos das actividades ou proxectos, ou actuacións solicitadas a nivel de detalle que permita identificar e comprobar que todos os conceptos de gastos son subvencionables, mediante o enchemento do modelo (Anexo 4-S).

**11.2.15.** Certificación das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade ou proxecto obxecto da solicitude de subvención, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional (incluída no formulario de solicitude).



**11.2.16.** Declaración sobre a previsión de contratación para a execución da actividade ou proxecto de persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante.

**11.2.17.** Calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle da descrición da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, mediante a presentación dunha memoria complementaria cunha extensión que non poderá exceder de seis folios.

### **11.3. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención**

**11.3.1.** No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, o solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante ou o seu representante, a presentación do devandito documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire, con carácter previo á redacción da proposta de resolución.

**11.3.2.** Os documentos normalizados sinalados como "anexos" nesta convocatoria son de cobertura obrigatoria e non poderán ser modificados polas entidades solicitantes, podendo ser ampliados presentando a documentación complementaria que consideren oportuna para a mellor valoración das súas solicitudes.

## **VI. PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN**

### **Base 12.- Procedemento: Instrución**

**12.1.** A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se indica na Base 10.1.

**12.2.** O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

**12.3.** De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- Petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na Base 13.



**12.4.** Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**12.5.** Sen prexuízo do disposto no parágrafo previo, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que presente a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

**12.6.** Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión de valoración que se indica na Base 13.3 seguinte, deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A continuación, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

### **Base 13.- Procedemento de concesión: Criterios de valoración das subvencións e Comisión de Valoración de subvencións.**

**13.1. Criterios de valoración referidos á liña 1: gastos de funcionamento. Puntuación: Ata 30 puntos.**

**13.1.1 Criterios referidos á entidade. Puntuación: Ata 30 puntos**

#### **a) Experiencia e capacidade de xestión: ata 12 puntos**

Valorarase o grao de actividade realizada pola entidade durante o ano anterior a esta convocatoria, tendo en conta o volume de actividades executadas e o seu grao de interese e repercusión social, en atención aos seguintes criterios:

- Número de actividades organizadas pola entidade durante o ano anterior, fai falta especificar: denominación da actividade, datas de execución e espazo/ s de realización. Puntuarase con 0,2 puntos cada actividade, ata un máximo de 6 puntos.
- Número de actividades organizadas pola entidade durante o ano anterior que tivese como obxectivo a apertura de espazos de participación directa da cidadanía ou o apoio a programas e instrumentos de participación; o fomento da igualdade entre mulleres e homes e/ou a promoción do voluntariado nas entidades veciñais. Igualmente, será necesario especificar a denominación da actividade, datas de execución e espazo/ s de realización.

Puntuarase con 0,5 puntos cada actividade, ata un máximo de 4 puntos.



## Concello da Coruña

- Presentación dunha memoria complementaria que corresponda o ano anterior ao desta convocatoria onde se inclúan os obxectivos, descrición das actividades, recursos, resultados alcanzados, avaliación, etc.

En función da calidade e detalle da memoria, puntuarase ata un máximo de 2 puntos.

### **b) Contribución á vida asociativa da cidade: ata 8 puntos**

Valorarase o número de persoas participantes programados e actividades da entidade durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á convocatoria. A asociación con maior número de persoas beneficiarias directas obterá 8 puntos e as demais valoraranse de maneira proporcional empregando a seguinte fórmula:

$P_i = 8 \times (\text{núm. de persoas participantes para valorar} / \text{maior núm. de persoas participantes})$

Sendo:  $P_i$ : puntuación conseguida pola entidade obxecto de avaliación

### **c) Número de persoas asociadas da entidade: ata 8 puntos**

A federación ou asociación que teña maior número de persoas asociadas obterá 8 puntos e para as demais entidades, utilizarase a seguinte fórmula:

$P_i = 8 \times (\text{núm. de persoas asociadas da entidade obxecto de valoración} / \text{número de persoas asociadas da entidade con maior número de socios})$

Sendo:  $P_i$ : puntuación alcanzada pola entidade obxecto de avaliación.

### **d) Representación equilibrada de mulleres e homes na composición da xunta directiva: ata 2 puntos.**

Valorarase con 2 puntos a composición da xunta directiva en que ningún sexo sexa inferior ao 40% e no caso de desequilibrio: 0 puntos.

## **13.2 Criterios referidos á liña 2: programas, proxectos ou actividades.**

### **13.2.1 Criterios referidos á actividade ou proxecto. Puntuación: Ata 50 puntos**

#### **a) Contido da proposta do programa, proxecto o actividade: ata 12 puntos**

Valorarase o grao de interese e a repercusión social para a poboación do territorio en relación á proposta do programa, proxecto ou actividade. Ademais valorarase se o proxecto describe detalladamente as medidas que se vaian a implementar para a transversalidade de xénero. Estas medidas serán concretas, reais e eficaces e estarán dirixidas a corrixir as desigualdades de xénero e promoverán a igualdade de mulleres e homes no ámbito do proxecto.

#### **b) Calidade da presentación e exposición da proposta: ata 10 puntos**



Valorarase a concreción na exposición e a achega da memoria complementaria que amplíe información sobre os obxectivos, desenvolvemento, execución, recursos, cronograma, metodoloxía, comunicación inclusiva e linguaxe non sexista, avaliación, etc.

- c) Carácter innovador da proposta, considerada de forma global ou a través da introdución de aspectos innovadores nas actividades realizadas: ata 8 puntos.**
- d) Programas que impliquen a apertura de procesos participativos, consultas ou mecanismos de participación colectiva sobre a realidade do barrio: ata 6 puntos.**
- e) Propostas conxuntas e de colaboración: ata 5 puntos.**

Valoraranse os proxectos que se desenvolvan no conxunto con outras entidades e organizacións na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual así como as accións e actividades executadas por varias asociacións veciñais traballando na rede.

- f) Emprego de ferramentas para o fomento da participación de colectivos menos atendidos ou con dificultades nas actividades que se propoñan: ata 5 puntos.**
- g) Número de persoas beneficiarias directas do proxecto ou actividade: ata 4 puntos.**

A federación ou asociación que non indique número de persoas beneficiarias obterán 0 puntos. Con todo, a entidade con maior número de persoas beneficiarias directas (ata un máximo de 500) da actividade obxecto de valoración obterá 4 puntos e para as demais entidades, aplicarase a seguinte fórmula:

$P_i = 4 \times (\text{número de persoas beneficiarias directas da actividade da entidade obxecto de valoración} / 500 \text{ ou ben un núm. de persoas beneficiarias directas da actividade con maior número de persoas})$

Sendo  $P_i$ : puntuación conseguida pola entidade obxecto de avaliación

### **13.2.2. Criterios referidos á entidade: Puntuación: Ata 5 puntos**

#### **a) Número de persoas asociadas da entidade: ata 3 puntos**

A federación ou asociación que teña maior número de persoas asociadas obterá 3 puntos e para as demais entidades aplicarase a seguinte fórmula:

